

OBXECTIVO 6: Xestionar os recursos de forma rigorosa e eficiente, mellorando o rendemento, a produtividade e a eficiencia a través de actuacións dirixidas a mellorar o desenvolvemento económico do contorno hospitalario, impulsando nun 10% a centralización das compras de medicamentos e produtos sanitarios, e incidindo cada vez máis na dispensación e prescrición dos medicamentos xenéricos para alcanzar un 14%.

### *III.1.3. OE 3. Garantir o acceso á educación e á cultura en condicións de igualdade no marco dun ensino de calidade para unha Galicia formada, innovadora e trilingüe*

A través deste obxectivo trátase de intensificar a relación entre o sistema educativo e as demandas sociais. No seu conxunto, a educación facilita a capacitación dos traballadores, a produtividade e a competitividade da economía.

De modo relevante, a mobilidade de grupos específicos -como investigadores, mozos, voluntarios, mozos emprendedores- e as facilidades para a circulación dos coñecementos -como é o recoñecemento das cualificacións profesionais e os intercambios na senda do programa Erasmus- son achegas para a permanente mellora do sistema educativo, que persegue a reforma da formación profesional, a reestruturación cara a un ensino trilingüe, a integración das universidades galegas no espazo europeo de educación superior (EEES) e a introdución das TIC en todos os niveis de ensino.

Inclúese neste obxectivo o desenvolvemento da cultura e as actuacións en materia de patrimonio cultural, arqueolóxico, arquitectónico e etnográfico.

Este obxectivo estratéxico representa o 35,3 % do Eixe I, e o 25,3 % sobre o total do PEG, cun importe de 2.283,8 millóns de euros, no que a medida de maior importe é a M02 "Promover un sistema educativo orientado a excelencia educativa, fomentando a educación en valores como o esforzo, mérito e a capacidade" (co 14,3 % do obxectivo, e o 3,6 % do PEG).

Este obxectivo desenvolverase a través de proxectos encadrados nos programas de gasto:

Programas de Gasto	Importe
151A FOMENTO DA LINGUA GALEGA	9.979.756
421A DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE EDUCACIÓN	26.400.895
422A EDUCACIÓN INFANTIL, PRIMARIA E ESO	813.036.652
422C ENSINANZAS UNIVERSITARIAS	325.949.493
422D EDUCACIÓN ESPECIAL	34.561.173
422E ENSINANZAS ARTÍSTICAS	29.196.184
422G ENSINANZAS ESPECIAIS	14.756.276
422H OUTRAS ENSINANZAS	620.500
422I FORMACIÓN E PERFECCIONAMENTO DO PROFESORADO	2.696.320
422K ENSINANZAS PESQUEIRAS	8.474.645
422L CAPACITACIÓN E EXTENSIÓN AGROFORESTAL	7.730.716
422M ENSINANZA SECUNDARIA E FORMACIÓN PROFESIONAL	723.189.088
423A SERVIZOS E AXUDAS COMPLEMENTARIAS DA ENSINANZA	188.224.538
423B PREVENCIÓN DO ABANDONO ESCOLAR	18.489.866
431A DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE CULTURA	7.626.614
432A BIBLIOTECAS, ARQUIVOS, MUSEOS E EQUIPAMENTOS CULTURALS	18.099.241
432B FOMENTO DAS ACTIVIDADES CULTURALS	14.984.042
433A PROTECCIÓN E PROMOCIÓN DO PATRIMONIO HISTÓRICO, ARTÍSTICO E CULTURAL	18.327.388
441A PROMOCIÓN DA ACTIVIDADE DEPORTIVA	21.411.582

Os responsables de levar a cabo as actuacións encamiñadas a lograr este obxectivo son:

Xestores do PEG
<b>04-PRESIDENCIA DA XUNTA</b>
60-SECRETARIA XERAL PARA O DEPORTE
<b>09-CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORD. UNIV.</b>
01-SECRETARÍA XERAL TECNICA
02-S.X. DE UNIVERSIDADES
03-S.X DE POLÍTICA LINGÜÍSTICA
04-D.X. DE EDUCACIÓN, F.P., E INNOV. EDUC.
05-D.X. DE CENTROS E RECURSOS HUMANOS
<b>11-CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO</b>
01-SECRETARÍA XERAL TECNICA
03-D.X. DO PATRIMONIO CULTURAL
04-D.X. DO LIBRO, BIBLIOTECAS E ARQUIVOS
301-AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAI
<b>13-CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL</b>
04-D.X. DE INNOVACIÓN E INDUSTRIAS AGRARIAS
<b>14-CONSELLERÍA DO MAR</b>
01-SECRETARIA XERAL TECNICA
04-D.X. DE DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO

As medidas do Plan Estratégico de Galicia que se van a realizar no ano 2012 son:

E1: Cohesión Social, Benestar e Calidade de Vida.	Importe	%
<i>OE03 Garantir o acceso a educación e a cultura en condicións de igualdade no marco dun ensino de calidade para unha Galicia formada, innovadora e trilingüe</i>	2.283.754.969	
M01 Garantir a continuidade nos estudos e a incorporación ao mercado laboral	2.887.846	0,1 %
M02 Promover un sistema educativo orientado a excelencia educativa, fomentando a educación en valores como o esforzo, mérito e a capacidade	326.641.493	14,3 %
M04 Actualización e formación continuada dos profesionais do ensino	4.037.945	0,2 %
M06 Mellorar as dotacións e as infraestruturas do ensino público	37.221.776	1,6 %
M07 Incorporar a aprendizaxe de idiomas en todos os niveis educativos, garantindo a competencia lingüística e dinamizando os usos da lingua galega na sociedade	11.836.212	0,5 %
M08 Aumentar o número de titulacións oficiais impartidas nos centros de FP, con reforzo específico en materias relacionadas coa nova economía e incorporar a formación de adultos	12.341.387	0,5 %
M10 Fomento do deporte, para gañar en calidade de vida, saúde e desenvolvemento	12.147.351	0,5 %
M11 Conservación, promoción e defensa do noso patrimonio cultural, promovendo a súa difusión e desenvolvemento e garantindo o acceso ao mesmo en condicións de igualdade	27.670.771	1,2 %
M99 Soporte xeral - Garantir o acceso a educación e a cultura en condicións de igualdade no marco dun ensino de calidade para unha Galicia formada, innovadora e trilingüe	1.848.970.188	81,0 %

As Fontes de financiamento do orzamento deste Obxectivo estratéxico son:

Fontes de financiamento	Importe	%
Orzamentos xerais da C.A.	2.229.442.169	97,62%
FCI	10.582.270	0,46%
FEDER	9.145.062	0,40%
Orzamentos xerais do Estado	22.640.610	0,99%
FEADER	535.308	0,02%
INTERREG	538.163	0,02%
FSE	10.871.387	0,48%

Nos obxectivos marcados pola consellería de Educación para o ano 2012, nas ensinanzas de infantil, primaria, ESO, atópanse os de mellorar as dotacións e as infraestruturas do ensino público, de maneira que coas correspondentes obras se asegure un número de prazas suficientes para os/as nenos/as en idade escolar.

Para elo abordárase por un lado a construción de centros naquelas localidades onde a oferta educativa é insuficiente.

Continuarase coas obras iniciadas en anos anteriores como a construción dunha escola infantil en Betanzos; construción de novos IES en : Culleredo, Carlos Oroza de Pontevedra e Milladoiro; e continuarase coa construción do novo CEIP en Oleiros.

Para o ano 2012 iniciaránse obras de construción de novos IES en: Carral de A Coruña, Soutomaior da provincia de Pontevedra, e na provincia de Ourense os IES de Celanova, Vilamarín, Barbadás e Ourense; a construción dun polideportivo no IES de Fene; a construción de novos CEIP en: Villalonga-Sanxenxo (Pontevedra), e Culleredo (A Coruña), e a construción da Escola Oficial de Idiomas de Santiago de Compostela.

Por outra parte continuaránse coas obras iniciadas en anos anteriores para ampliar, reformar e mellorar nos CEIP o Pombal, e Pintor Laxeiro de Vigo, Wenceslao Fernández de Cambre, Bergantiños de Carballo, Pérez Viondi da Estrada, Padre Feijóo de Allariz, e Froebel de Pontevedra, Emilia Pardo Bazán, Zalaeta e Eusebio da Garda da provincia de A Coruña, así como en cinco centros de formación agraria.

Durante o ano 2012 iniciaránse novas ampliacións e reformas nos IES e CEIPs seguintes: Conde de Fenosa de Ares, Vidal Portela de Pontevedra, Rosalía de Castro de O Grove, Ventín de Ames, Ben Cho Shey de Pereiro de Aguiar, Curros Enríquez de Pazos de Borbén, Otero Pedraio de Laracha, As Mercedes de Lugo, Igrexa de Calo-Teo, e Lángara de Ferrol.

En canto á Ensinanza Secundaria e Formación Profesional a través de diversos plans de actuacións, preténdese conseguir que todo o alumnado acade unha titulación oficial, ou unha cualificación profesional que lle permita inserirse laboralmente, ou proseguir estudos, e que ao remate da educación e formación escolar teñan uns coñecementos nun idioma estranxeiro, basicamente inglés.

No que se refire a prevención do abandono escolar, intensificarase a oferta de programas de orientación, reforzo e apoio, para conseguir que os estudantes con maiores dificultades de aprendizaxe poidan conseguir o título de Graduado en ESO, e para os alumnos que non acaban a ESO a implantación de programas de cualificación profesional inicial (PCPI) para que acaden unha cualificación relacionada no Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais. Destas actuacións se beneficiarán un total de 3.950 alumnos, dos cales 1.850 serán mulleres.

Tamén se levarán a cabo medidas para favorecer un ambiente de aprendizaxe que conduza a mellora do éxito escolar e dos resultados académicos, co que se espera conseguir que 4.200 mozos de entre 18-24 anos que non completaron ensino secundario, dos que 1.850 serán mulleres, continúen os estudos.

Dentro do Plan de Formación do Profesorado de Formación Profesional, levaranse a cabo 103 actuacións de formación, dos que se beneficiarán un total de 2.750 profesores, dos que 1.230 son mulleres.

Fomento da Lingua Galega, o obxectivo xeral do programa é o de promover, potenciar e dinamizar os usos da lingua galega na sociedade, facéndoa máis presente en todos os ámbitos e sectores que conforman a sociedade galega actual, e en lugares fóra de Galicia,

nos que é preciso contribuír ao seu coñecemento, estudo e difusión.

Para levalo a cabo, é necesario desenvolver liñas de acción que estean vinculadas coas seguintes accións:

Aumentar o uso do galego nos diferentes sectores da sociedade, principalmente nos sectores considerados prioritarios e estratéxicos, como son os medios de comunicación, e empresas editoriais con proxectos en lingua galega.

Ampliar o coñecemento do galego, a través de bolsas de investigación cun total de alumnos beneficiados de 17, dos cales 14 son mulleres; 210 actuacións de formación e de dinamización social do galego, e cursos e actividades de formación.

Incrementar a proxección da lingua e da cultura galegas fóra da Comunidade de Galicia, impulsando os lectorados en Universidades e Centros de fóra de Galicia. O total dos centros de estudos galegos beneficiados será de 32.

Na área da ensinanza universitaria levaranse a cabo accións para impulsar a ordenación, planificación e execución eficiente das competencias en materia de universidades e ensinanzas universitarias, así como a execución de plans específicos de orientación e apoio económico.

O novo Plan de Financiamento do Sistema Universitario de Galicia servirá para facilitar novos recursos ás universidades, pero tamén para ordenar integralmente o sistema universitario galego, e promover un sistema educativo orientado a excelencia educativa, fomentando a educación en valores como o esforzo, mérito e a capacidade.

Para conseguilo continuarase coa execución das actuacións do 2011 e outras serán creadas ex novo, como: Financiamento estrutural das universidades galegas para atender as súas necesidades, cun total de 440 titulacións.

Financiamento aos centros asociados da UNED, cun total de alumnos beneficiados de 10.839.

Xestionar as accións de apoio económico aos estudantes universitarios a través de bolsas a alumnos universitarios, das que se beneficiarán un total de 1.715, das que 967 son mulleres.

Accións para a mellora da calidade da docencia universitaria, da empregabilidade do alumnado e da satisfacción dos egresados e empregadores e do Persoal Docente e Investigador (PDI). Das mesmas beneficiaranse un total de 5.675 profesores PDI, e un total de 67.246 alumnos.

Axudas as actividades docentes, investigadoras e asistenciais da Fundación Rof Codi-

na, das que se beneficiarán un total de 113 investigadores, deles 87 mulleres.

No eido da formación sobre o rural, sinálanse as accións dirixidas á mellora da formación permanente dos agricultores e técnicos agrarios, profundizando tanto nas ensinanzas regradas como ocupacionais, e potenciando o asesoramento e transferencia tecnolóxica por parte dos servizos da consellería dun xeito máis próximo e directo ás explotacións agrarias, incluída a divulgación de coñecementos científicos e prácticas innovadoras de persoas que traballan no sector agrícola, alimentario e forestal. Tamén incorporan medidas específicas formativas en materia de benestar animal, seguridade nos traballos agroforestais e formación continua do persoal que traballa no dispositivo de prevención e extinción de incendios forestais da consellería.

Apoio á formación marítimo pesqueira, e promoción das ensinanzas náutico pesqueiras, a través de proxectos de axudas, e apoio ao Plan integral de formación marítimo pesqueira, accións que están financiadas con Fondos Europeos.

Promoción do deporte. Continuarase co desenvolvemento de programas de dinamización deportiva que se levarán a cabo a través do Plan Galego para o Fomento da Actividade Física “Galicia Saudable”, e do Plan Dotación de equipamentos ambientais de lecer aos concellos, crearanse “puntos móvete” en colaboración coas entidades locais; apoio ao tecido deportivo galego e aos deportistas, establecendo axudas ás federacións deportivas, aos clubs e outras entidades deportivas, o desenvolvemento do deporte de alto nivel, e a campaña de promoción deportiva na idade escolar mediante a organización de eventos deportivos.

No que atinxe á cultura, nas actuacións en materia de patrimonio histórico, arqueolóxico, paleontolóxico, artístico, arquitectónico, etnolóxico e en todas as súas manifestacións, así como nas materias de museos, e bibliotecas, consistirán en obras de conservación, restauración e protección do patrimonio cultural galego, e promovendo a difusión e o fomento do patrimonio cultural de Galicia, así como a conservación, rehabilitación e recuperación do Camiño de Santiago, e a promoción dos aloxamentos relacionados co Camiño, entre outros.

En canto á promoción turística de Galicia, o obxectivo primordial é a coordinación, o impulso da xestión, e a execución das actividades do sector turístico para a promoción do turismo galego a través de labores de información turística tanto a nivel nacional como internacional, e de convenios e concertos con institucións públicas e privadas para a creación, coordinación e desenvolvemento de accións encamiñadas á promoción turística interior e exterior.

#### **III.1.4. OE 4. Atención ao benestar social**

Impulsarase unha atención global ás persoas en situación de dependencia e desenvol-